

Texto: **SILVIO FREYTES**

Ilustracións e tipografía: **FLAVIO MORAIS**

Encadernado en cartón. 22x22 cm.

36 páxinas. Ilustracións en color.

Dispoñible en:

- Galego: "Só un segundo"
Demademora. ISBN 978-84-8464-644-0
- Castelán: "Solo un segundo"
Libros para Soñar. ISBN 978-84-96388-69-7
- Catalán: "Només un segon"
Kalandraka-Hipòtesi. ISBN 978-84-935912-1-2

Prezo: 13 €

SÓ UN SEGUNDO



Unha tarde de outono, nun barrio da zona sur da cidade, ás 19 horas con 27 minutos e 32 segundos, unha muller vestida de amarelo observa sorprendida unha nena asomada á ventá do edificio de en fronte. Nese intre...

Nun mesmo lugar e momento suceden moitas cousas á vez, relacionadas entre si, sen que a xente se decate de que aquilo que faga ou diga pode ser visto e oído por ollos e oídos alleos. Este libro aborda aspectos relacionados coa medida do tempo e do espazo. Tamén plantexa que ata os acontecementos máis sinxelos poden ter unha repercusión inesperada.

O relato ten estrutura circular e, dende o punto de vista estético, as ilustracións destacan polo seu carácter visual e xeométrico, unha certa inspiración no xénero do cómic. Ambas cualidades permiten involucrar facilmente o lector na sucesión de historias que se contan. Así, os lectores mesmo poden imaxinarse como testemuñas directas e privilegiadas de todas e cada unha das accións que pasan á vez, encadeadas entre si, ata que rematan volvendo ao punto de partida.

SILVIO FREYTES

(Córdoba, Argentina. 1971)

Fixo estudos de Publicidade, Marketing, Artes Plásticas e Cine en diversas universidades. Actualmente é director xeral creativo dunha axencia local. Participou como guionista e director de curtametraxes e proxectos de animación. Recibiu, entre outras distincións, varios premios no Festival Iberoamericano de Publicidade, o Olo de Iberoamérica e o Lápiz de Ouro. Foi finalista no Film Festival 2.0 e participou no Notodofilmfestival, ademais de conseguir un galardón nun concurso de guións do Instituto Nacional de Cine e Artes Audiovisuais.

FLAVIO MORAIS (Brasil, 1954)

Estudou na Escola de Arte de Chelsea (Londres). Instalouse en Barcelona, onde traballa para editoriais, revistas, xornais e axencias de publicidade. Tamén participa en proxectos de animación para a televisión española, catalana e italiana. Colaborou coa promoción dos Xogos Olímpicos de Barcelona 92. Tamén traballou en Brasil realizando proxectos de escenografía urbana. Colabora en Barcelona co Estudio Peret. O seu ámbito artístico inclúe a escultura-instalación, a ilustración e as pinturas murais. A súa obra estivo exposta en salas de Barcelona, Madrid e Bahía (Brasil).

- **Temática:** todo o que pode acontecer nun segundo de tempo, sen que nos decatemos
- **Idade recomendada:** a partir de 5 anos
- **Aspectos destacables:** o libro preséntase como unha sucesión de feitos encadeados que ao final do conto lle dan ao lector unha perspectiva de todo o que pode acontecer nun espazo de tempo moi curto nun lugar concreto: escrito cunha tipografía especial deseñada polo ilustrador
- **Aplicacións:** conceptos relacionados coa medición do tempo e do espazo

